

A canción do verán chega en setembro: De Ninghures e Ortiga publican *RosaLinda* este venres 5

O tema acompáñase dun videoclip dirixido por Lorenzo Negueruela
que se poderá ver na plataforma Youtube



De Ninghures e Ortiga lanzarán este venres a súa primeira colaboración, *RosaLinda*

3 de setembro de 2025.- A canción do verán chega en setembro. Da mixtión entre as raíñas das feiras e o rei das verbenas agroma unha peza bailable, luminosa e que zumega a calidez das noites estivais. Chega [*RosaLinda*](#), a primeira colaboración que **De Ninghures e Ortiga** gravan no estudio e na que o amor fía e reborda cada compás.

O novo tema, no que non faltarán os elementos máis recoñecibles dos dous proxectos musicais, estará dispoñible [a partir das 00.00 horas deste venres, 5 de setembro, nas principais plataformas dixitais](#). A canción, ademais, acompañarase dun videoclip dirixido por Lorenzo Negueruela, creador que traballa habitualmente coas dúas formacións, e que se poderá ver na canle de Youtube de De Ninghures.

DE NINGHURES

De Ninghures fan música cos pés na terra e os brazos abertos. Son unha das bandas referentes da potente e rica escena actual en Galicia. Un grupo que mestura mestría musical e actitude desenfadada, que sorprende en cada canción coas súas diferentes voces e a súa actualización das coplas e melodías populares, e que nos fai tanto bailar como emocionarnos coa súa particular fusión da música tradicional galega con ritmos e inspiracións doutras culturas como a latinoamericana ou a magrebí.

En 2022 a banda publicou *Aquí*, o seu primeiro álbum, e máis de medio cento de concertos e algúns sinxelos despois - coma o exitoso *Morena*, galardoado como Mellor Música do Ano en Galicia nos Premios Ari(t)mar-, De Ninghures lanza en febreiro de 2025 *Feira*, un disco no que a formación traballa coa tradición popular galega dun xeito artesanal, cunha sonoridade e discurso moi característico, para levala á escena actual e presentar unha **Feira** do século XXI.

Pregarda RosaLinda: <https://links.altafonte.com/rosalinda-deninghures-ortiga>

Kit de prensa de [De Ninghures](#)

Contacto de prensa de De Ninghures

Lucía Pita | 675 404 321

lucia@tremendoaudiovisual.com